



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://www.sghn.org e-mail: sghn@sghn.org CIF: G-15037211

1 / 1

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 07/06/2018 11:33:34

ENTRADA 13650 / RX 1538742



Sra. Directora Xeral de Patrimonio Natural
Consellería de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio
Xunta de Galicia

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en adiante SGHN), na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que SGHN ven de coñecer que o vindeiro 24 de xuño está prevista a realización dunha competición deportiva co nome de "BTT TREVINCA 2018", organizada por MOVENTS Sports&Entertainment e a Federación Galega de Ciclismo, coa colaboración do Concello de A Veiga (Ourense). Segundo as previsións dos seus organizadores, espérase que o número de participantes con bicicletas de montaña supere os 300 (<https://es-es.facebook.com/TrevincaBTT/>).
2. Que dita competición deportiva transcorrería en grande parte por terreos incluídos na ZEC ES1130007 e ZEPA ES00 00437 "Pena Trevinca" en plena tempada de reprodución e crianza da fauna, nomeadamente da avifauna ameazada que motivou a declaración da ZEPA (*Aquila chrysaetos*, *Circus pygargus*, *Circus cyaneus*, *Circaetus gallicus*, *Perdix perdix hispaniensis*).

SOLICITA:

Que a DX de Patrimonio Natural e os seus Servizos provinciais en Ourense informen a SGHN:

1. Sobre se a proba conta cós informes administrativos preceptivos e
 - a. En caso negativo, que a DX de Patrimonio Natural prohiba a celebración da dita ruta e así llo comunique fehacientemente aos organizadores e que tome as medidas oportunas para asegurar a dita prohibición e que non se afecte ao espazo natural.
 - b. En caso afirmativo, que a DX de Patrimonio Natural facilite a SGHN copia de todos eles para coñecer os criterios técnicos, legais e ambientais empregados para autorizar o desenvolvemento desta actividade masiva nunha ZEC e ZEPA en plena tempada de cría da fauna.
2. Sobre as avaliacións que teña realizadas nas zonas do percorrido previsto da proba respecto a:
 - a. O estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE.
 - b. O estado das áreas prioritarias de conservación das especies dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do anexo I da DC 79/409/CEE, especies incluídas no Catálogo nacional de especies ameazadas e no Catálogo galego de especies ameazadas.
 - c. O estado das infraestruturas.
3. Que, en calquera caso, SGHN solicita que non se permita a actividade na zona 1 e zona 2 do espazo natural; e que se restrinxa axeitadamente a utilización da zona 3 para preservar a ZEC ES1130007 e ZEPA ES00 00437 "Pena Trevinca".

En Santiago de Compostela a 6 de xuño de 2018

Serafín González Prieto

Presidente de SGHN

